



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 27 DE XULLO DE 2021**

En Laxe, sendo as 20.00 horas do día 27 de xullo de 2021, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dna. Raquel Lema Allo (PP)

Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don Francisco Charlín Oróns (PP)

Don Diego Soto Pereiro (PP)

Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)

Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)

Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)

Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

#### **ORDE DO DÍA:**

#### **1.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA DO PSDEG-PSOE, MARTA CAAMAÑO ALVARELLOS.**

Aberta a sesión pola Presidencia, toma posesión do cargo de concelleira Dna. Marta Caamaño Alvarellos con DNI núm. 79 326 746 E, unha vez presentada credencial expedida pola Xunta Electoral central, e formulada a declaración de bens e actividades a que fai referencia o artigo 75.7 da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, mediante a fórmula de xuramento ou promesa de seguinte teor literal:

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro/a do Concello de Laxe, e gardar e facer gardar a Constitución coma Norma Fundamental do Estado?”

A fórmula empregada é a seguinte:

Si, prometo.

Feito o anterior procédese o análise dos puntos incluídos na orde do día.

### **2.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO 2021.**

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

*PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2021.*  
*EXPEDIENTE Nº 2021/T004/000001*

*Examinado pormenorizadamente o expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2021, que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166 e 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e concordantes do R.D. 500/1990, do 20 de abril, así como o cadro de persoal desta Corporación, que segundo os artigos 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril e 126.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, establecen que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e temporal, e que se aprobará anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento*

*Vistos asemade os informes emitidos pola secretaría-intervención desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte*

**A C O R D O**

*Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2021, que ascende tanto en gastos como en ingresos ao importe de 2.680.265,00 euros.*

<b>PREVISIÓNS DE INGRESOS</b>		<b>PREVISIÓNS DE GASTOS</b>	
<b>CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS</b>	790.619,62	<b>CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL</b>	991.191,62
<b>CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS</b>	50.000,00	<b>CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS</b>	1.404.041,15

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	411.597,59	CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS	2.100,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.190.718,43	CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	9.000,00
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	14.690,00	CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.	9.000,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES INGRESOS</b>	<b>2.457.625,64</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES GASTOS</b>	<b>2.415.332,77</b>
		CAPÍTULO 6 INVERSIÓNS REAIS	261.927,23
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	219.634,36		
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>219.634,36</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>261.927,23</b>
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00	CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>3.005,00</b>	<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>3.005,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>2.680.265,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>2.680.265,00</b>

Segundo.-Aprobar, así mesmo, as bases de execución do devandito orzamento.

Terceiro.-Aprobar o cadro de persoal, que se xunta como anexo ao Orzamento desta entidade para o ano 2021.

Cuarto.-Expoñer ao público o orzamento e o referido cadro de persoal, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Quinto.-Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o orzamento nin contra o devandito cadro de persoal, estes consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite de publicación do orzamento, resumido por capítulos, xunto coa publicación íntegra do cadro de persoal no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Sexto.-O orzamento aprobado producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2021, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais, e a eles imputaranse os créditos autorizados con cargo ao orzamento prorrogado.

As modificacións de crédito ao orzamento prorrogado conservarán a súa vixencia no orzamento para o ano 2021.

Sétimo.-Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido orzamento e do cadro de persoal aprobados definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Infórmase pola Alcaldía que da reunión mantida hoxe pola mañán cos sindicatos. Dase conta do erro material no cadro de persoal por omisión dunha fila, onde debe figurar a orientadora laboral así como a numeración das bases de execución do orzamento.

Intervén o concelleiro do BNG, Xosé Manuel Pose Lema, facendo referencia á intervención do alcalde en Radio Voz e La Voz de Galicia, preguntado polo motivo de non xuntar os dous plenos desta semana.

Resposta o sr. alcalde que o considerou convinte porque se adiantaban dous días, necesarios para preparar a documentación das actuacións.

Xosé Manuel Pose Lema, manifesta que a decisión é lícita pero pon de manifesto que a execución do POS vai con retraso.

Continúa dicindo que o importe de 260.000 € das inversións reais vai en detrimento de turismo e cultura e que sendo Laxe un Municipio de interese turístico non conta con orzamento propio de turismo.

Manifesta igualmente que non hai un reforzo dos servizos sociais e que a aportación do PEL Reactiva foi relativamente moi pequena e que podían haberse demorado as obras para o seguinte exercizo.

Dito o anterior manifesta que por responsabilidade o seu voto vai ser favorable.

E non habendo mais intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 11** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 4 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema, Dna. Consuelo Lemus Insua e Dna. Marta Caamaño Alvarellos) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2021, que ascende tanto en gastos como en ingresos ao importe de 2.680.265,00 euros.

PREVISIÓNS DE INGRESOS		PREVISIÓNS DE GASTOS	
CAPÍTULO 1 IMPOSTOS DIRECTOS	790.619,62	CAPÍTULO 1 GASTOS DE PERSOAL	991.191,62

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

CAPÍTULO 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00	CAPÍTULO 2 GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.404.041,15
CAPÍTULO 3 TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	411.597,59	CAPÍTULO 3 GASTOS FINANCEIROS	2.100,00
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.190.718,43	CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	9.000,00
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS	14.690,00	CAPÍTULO 5 FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.	9.000,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES INGRESOS</b>	<b>2.457.625,64</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES GASTOS</b>	<b>2.415.332,77</b>
		CAPÍTULO 6 INVERSIÓNS REAIS	261.927,23
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	219.634,36		
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>219.634,36</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>261.927,23</b>
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00	CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCEIROS	3.005,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>3.005,00</b>	<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>3.005,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>2.680.265,00</b>	<b>TOTAL</b>	<b>2.680.265,00</b>

**Segundo.**-Aprobar, así mesmo, as bases de execución do devandito orzamento.

**Terceiro.**-Aprobar o cadro de persoal, que se xunta como anexo ao Orzamento desta entidade para o ano 2021.

**Cuarto.**-Expoñer ao público o orzamento e o referido cadro de persoal, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**Quinto.**-Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o orzamento nin contra o devandito cadro de persoal, estes consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite de publicación do orzamento, resumido por capítulos, xunto coa publicación íntegra do cadro de persoal no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Lexislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

**Sexto.**-O orzamento aprobado producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2021, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais, e a eles imputaranse os créditos autorizados con cargo ao orzamento prorrogado.

As modificacións de crédito ao orzamento prorrogado conservarán a súa vixencia no orzamento para o ano 2021.

**Sétimo.**-Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido orzamento e do cadro de persoal aprobados definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Rematado o obxecto da presente sesión, o sr. alcalde da por finalizada, sendo ás 20:10 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando a continuación e neste momento e conmigo o lltmo. Sr. Alcalde-presidente para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.